

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*ORDE do 8 de setembro de 2023 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2022/23, convocados pola Orde do 20 de marzo de 2023 (Diario Oficial Galicia número 65, do 3 de abril).*

A Orde do 20 de marzo de 2023 (DOG núm. 65, do 3 de abril), pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2022/23, establece no seu artigo 15.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizada a proba, publicada a acta provisional coas puntuacións obtidas polo alumnado, resoltas as reclamacións presentadas e vistas a acta coa proposta do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2022/23 e a correspondente proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, sobre a concesión destes premios,

**DISPOÑO:**

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2022/23 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por delegación de competencia establecida na Orde do 29 de xullo de 2022 (DOG núm. 151, do 9 de agosto), no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación,



segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  
P.D. (Orde do 29 de xullo de 2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación  
Profesional e Universidades

### ANEXO

#### Premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2022/23

Nº de inscrición	Apelidos e nome	Cód. do centro	Centro educativo	Importe
2369000502	Aguión Rodríguez, Sabela	36019281	CPR Sek-Atlántico	1.000 €
2336000680	Alamancos Balboa, Manuel	15015603	CPR Plurilingüe La Salle	1.000 €
2314000461	Álvarez Guillemet, Fernando Javier	15005579	IES Plurilingüe Elviña	1.000 €
2345000469	Armesto Méndez, Irene	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	1.000 €
2301000537	Carballude González, Héctor	32009190	IES As Lagoas	1.000 €
2359000448	Cerviño Portela, Lu	15014568	IES Número 1	1.000 €
2393000436	Corredoira Coira, Pilar	27006553	IES Xoán Montes	1.000 €
2350000964	Davó Fernández, Sol	15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	1.000 €
2356000331	Díaz López, Paula	15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	1.000 €
2386000760	Dorribo González, Iker	27007247	IES Francisco Daviña Rey	1.000 €
2357000431	González Batán, María	36019670	IES do Castro	1.000 €
2332000704	González Herreros, Fernando	36011181	CPR Plurilingüe Mariano	1.000 €
2333000542	Huéscar Vale, Jorge	27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	1.000 €
2378000853	Pascual Sanderson, Eliana	15020489	CPR Plurilingüe Montespino	1.000 €
2313000505	Pena Vázquez, Xurxo	15002591	IES Monte Neme	1.000 €
2320000809	Pérez Quintana, Sabela	32008941	IES Eduardo Blanco Amor	1.000 €
2311000494	Rodríguez Rodríguez, María	15020544	IES de Ortigueira	1.000 €
2309000503	Suárez Cordero, Xabier	36000922	IES María Soliño	1.000 €
2352000463	Táboas Pazo, Sebastián	36024781	IES do Barral	1.000 €
2312000939	Tajuelo Arenas, Jacobo	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	1.000 €

